



(SECRETARÍA)
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
PONTEVEDRA

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTES CONCELLO O 2 DE MARZO DE 2017

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA CONVOCATORIA: PRIMEIRA
--

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO P.P.

D. JOSÉ LÓPEZ CAMPOS
Alcalde-Presidente

D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN
Concelleiro

D. ALBERTO BLANCO CARRACEDO
Concelleiro

DNA. AMALIA GOLDAR CORA
Concelleira

D. ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS
Concelleiro do PP

D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA
Concelleira

D. MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA
Concelleiro

DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA
Concelleira

D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR
Concelleiro

DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE
Concelleira

D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS
Concelleiro

GRUPO PsdeG-PSOE

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES
Concelleira

DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE
Concelleira

DNA. SILVIA NEIRA IGLESIAS
Concelleira

DNA. ANA ASOREY BREA
Concelleira do PsdeG-PSOE

D. LUIS RENDO ARAUJO
Concelleiro

D. MANUEL FERNÁNDEZ CERDEIRA
Concelleiro

D. EDUARDO JOSÉ DAVILA RODRÍGUEZ
Concelleiro

GRUPO MÓVETE

DNA. MARÍA DEL MAR BLANCO CASAIS
Concelleira

GRUPO BNG

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS
Concelleiro

SECRETARIA

DNA. LUCÍA ARTIME ALONSO

INFÓRMATICO

D. DIEGO PERNAS

FALTAN Á SESIÓN

D. ROMÁN SUÁREZ PORTO
Concelleiro do PSdeG-PSOE

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas trinta minutos do día dous de marzo de dous mil dezasete, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocadada para as vinte horas trinta minutos, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria do Concello, Dna. Lucía Artime Alonso.

A sesión celébrase previa convocatoria, dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión polo Sr. Alcalde-Presidente, dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO 2 DE FEBREIRO DE 2017. Dada conta da acta corresponde á sesión ordinaria celebrada o 2 de febreiro de 2017, apróbase por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

2°.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 13 DE FEBREIRO DE 2017. Dada conta da acta corresponde á sesión extraordinaria e urxente celebrada o 13 de febreiro de 2017, apróbase por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

3°.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO RURAL E MEDIO AMBIENTE EN RELACIÓN COA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A RECUPERACIÓN DA CONCESIÓN DO MATADOIRO E POSTA EN MARCHA DO MESMO.

Para tratar este punto o Sr. Alcalde outorga a palabra ao voceiro do BNG, **Sr. Xosé Magariños Maceiras**, o cal expón a moción presentada con data 02/12/2016 (RE nº 14513), ditaminada na Comisión Informaiva de Medio Rural e Medio Ambiente de 23/02/2017, e que se transcribe de seguido:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na actualidade o Matadoiro Comarcal de A Estrada permanete pechado ante a pasividade do Goberno Municipal que permite a desaparición dun servizo necesario para os carniceiros da comarca, mais ao mesmo tempo, o cesamente dunha actividade industrial e a conseguinte perda de postos de traballo, do que precisamente non estamos sobrados no noso concello.

Todo isto ocorre pola inacción do goberno que non só non trata de restablecwr o servizo, co conseguinte prexuízo para o sector agro-alimentario local, senón que nin é quen de velar polo patrimonio do concello controlando as instalacións e a maquinaria de propiedade municipal, que requiren labores de mantemento para evitar o seu deterioro.

Perante isto, o BNG require do goberno as accións necesarias para, en primeiro lugar, recuperar a concesión e, a seguir, restablecer o servizo.

Polo anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes:

ACORDOS:

1.- Solicitar do Xulgado a devolución das instalacións do matadoiro, xa que os posíbeis embargos sobre Cocarga non poden afectar ás instalacións e maquinaria do Concello, pois esta empresa só era concesionaria dun servizo municipal, sobre o que perde dereito no momento de cesar nas prestacións, permitindo ao concello recuperar a concesión.

Ademais o concello é acredor da empresa polas débedas que esta teña contraído polo non pagamento do canon municipal e, mesmo, polos prexuízos ocasionados polo cesamento da actividade sen telo comunicado ou renunciado á concesión, o que en consecuencia lle fai perder os dereitos sobra a mesma.

2.- Inventariar instalacións e mquinaria indeficando o que é propiedade municipal e o que é propiedade da empresa, para, se for o caso, se poida solicitar a súa inmovilidade como aval das débedas que poida ter a empresa co concello ou en compensación de maquinaria que puidese ter sido retirada.

De seguido, a posta en marcha novamente do Matadoiro, para o que hai dúas vías:

- *Sacar a concurso unha nova concesión nas mesmas condicións na que estaba a anterior.*
- *Facer un estudo de rendibilidade da explotación do Matadoiro que establece:*
 - *Estrutura mínima de funcionamento do matadoiro: espazo, maquinaria, persoa e custos.*
 - *Ingresos en base a unha actividade normal de matanza para os carniceiros de A Estrada cunha tarifa competitiva.*
 - *En consecuencia ver o déficit económico da explotación.*
 - *Buscar unha actividade complementaria para o matadoiro que reporte os ingresos necesarios para cubrir o déficit, para o que propoñemos: A elaboración dun proxecto de explotación municipal ou mixto que, procurando a súa rendibilidade, sexa capaz de dar servizo aos carniceiros a un prezo asumíble complementado cunha actividade propia que dea saída á produción de cane (vacún, porcino, cabalar, aviar, ovino) comarcal que integre a produción, elaboración e comercialización baixo unha marca que a identifique e sexa garante dun xeito de crianza e manutención tradicional ou de pastoreo ao aire libre, diferenciándose así do produto industrial.*

- *Tamén se pode contemplar a instalación dunha sala de despece e un servizo de matanza a particulares que incúa a recollida de animais, matanza, despecer e servizo a domicilio."*

O Sr. Magariños manifesta que están abertos a traballar e falar cos demais grupos co gallo de poñer en funcionamento o Matadoiro municipal e así axudar ao noso sector primario, primordial na economía do noso concello.

Toma a palabra o Concelleiro de Medio Rural, **D. Juan M. Constenla Carbón**, para dicir que hoxe en día é inviable proceder á apertura do Matadoiro, xa que aínda se está a esperar polo resultado da auditoría sobre como quedaron as instalacións, sen embargo se pode iniciar un debate para o estudo doutras vías que leven a reapertura e utilización das instalacións.

Pide a palabra a voceira do PSdeG-PSOE, **Dna. Belén Louzao**, expoñendo a súa opinión de que é necesario buscar unha saída ao Matadoiro municipal, crendo que si é viable a súa reapertura, pero tamén cré firmemente naquel acordo adoptado nunha sesión plenaria celebrada case fai seis meses, non que se adquiría o compromiso de facer un estudo ou auditoría sobre o estado do Matadoiro para ver o que se necesita para volar a abril. Di que o que está claro é que se debe facer algo para poñelo en funcionamento, xa que lembra que no verán do 2015 foi cando ditas instalacións pecharon, iniciando o expediente de rescisión do contrato en setembro do mesmo ano e chegamos a día de hoxe sen que exista ningún avance ao respecto, producíndose roubos nas instalacións e un deterioro palpable. Continúa dicindo que non sabe o que está ocorrer a día de hoxe, o que si se sabe é que o goberno estaba obrigado a convocar unha auditoría e non ten coñecemento de que se fixera, a pesares de que no seu momento se acordara ir da mán para solucionar este problema, lembrando que afecta aos traballadores e ao sector primario do noso concello.

Polo manifestado di que o seu grupo político vai a apoiar a moción do BNG, pedindo que se avance no procedemento, ofrecendo a súa vontade de traballar conxuntamente cos demais grupos municipais para solucionar o problema e se proceda a reapertura do Matadoiro.

Intervén a voceiro do grupo municipal de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco**, quen di que, para tratar este asunto, é necesario ter en conta dúas cuestións, en primeiro lugar a inversión necesaria para poñer en marcha o Matadoiro e, en segundo lugar, a viabilidade da explotación para garantir a rendabilidade do servizo. Con respecto a última cuestión, parece ser que só se conta coa demanda dos carniceiros do municipio e tampouco existe ningunha empresa interesada na explotación deste servizo, polo que non é suficiente para garantir a súa rendabilidade. A pesares do anterior, considera que a apertura do Matadoiro é importante para o noso concello, considerando que o grupo de goberno debe de esforzarse á hora da búsqueda de alternativas que impulsen a rendabilidade deste servizo. Polo dito, apoiará a moción se se mantén enriba da mesa, e se non é así, ofrécese a traballar conxuntamente con gallo de buscar alternativas para relanzar esta infraestrutura.

O **Sr. Alcalde** intervén para agradecer as propostas dos partidos da oposición en aras de solucionar o problema do Matadoiro municipal, pero existen moitos impedimentos que dificultan tal fin. Comunica que fai tres semanas, a administradora concursal non tiña por finalizada a retirada do inmovilizado pertencente á empresa concesionaria do servizo, contando cun informe da Policía Local sobre a rutura do peche das instalacións, resultando que a causante foi unha empresa vinculada á administradora concursal; tamén di que mentres a dita administradora non comunique a finalización da retirada dos inmovilizados, non ten sentido iniciar outras actuacións; sen embargo, a día de hoxe xa foi comunicada a finalización da retirada deses bens e, conseguintemente, xa se poden iniciar os trámites necesarios para estudar a viabilidade da apertura do Matadoiro, sendo preciso a preceptiva auditoría do estado actual das instalacións, aceptando a oferta dos grupos da oposición para traballar conxuntamente neste tema. Por outra banda di que está entre dito a viabilidade da súa apertura, de feito o grupo de goberno púxose en contacto con tres empresas do sector, pero ningunha delas se mostraron interesadas na concesión; a

pesares delo, hai que loitar na búsqueda de opcións sen esquecer que se debe de ser coherente e non cargar coa xestión dunha infraestrutura ca que este concello non ten capacidade para asumila, polo que se debe de iniciar un estudo detallado da situación do Matadoiro para a súa posterior valoración e, por último, poñer enriba da mesa as alternativas existentes, lembrando que se trata dunha situación difícil e complexa, ademais de que moitas empresas deste sector non están dispostas de facer inversións extraordinarias para sacar adiante estas instalacións e, incluso, aínda que sexa o propio Concello o que se encargue de facer estas inversións, as empresas son reacias a facerse cargo da posterior xestión. Por último manifesta a súa vontade de aceptar as propostas dos demais grupos políticos municipais de facer un estudo conxunto, deixando este asunto sobre a mesa para sometelo a debate nunha próxima Comisión Informativa cando se teñan máis datos en relación á situación do Matadoiro.

Volve a intervir o **Sr. Xosé Magariños** para dicir que se alegra do dito polo Sr. Alcalde, xa que non é máis que o recollido na moción:

1.- Solicitar do Xulgado a devolución das instalacións do matadoiro.

2.- Inventariar instalacións e maquinaria indeficando o que é propiedade municipal e o que é propiedade da empresa para, se for o caso, se poida solicitar a súa inmovilidade como aval das débedas que poida ter a empresa co concello ou en compensación de maquinaria que puidese ter sido retirada.

3.- A posta en marcha novamente do Matadoiro, para o que hai dúas vías: sacar a concurso unha nova concesión nas mesmas condicións na que estaba a anterior; e facer un estudo de rendibilidade da explotación do Matadoiro (Estrutura mínima de funcionamento do matadoiro: espazo, maquinaria, persoa e custos; ingresos en base a unha actividade normal de matanza para os carniceiros de A Estrada cunha tarifa competitiva; en consecuencia ver o déficit económico da explotación; buscar unha actividade complementaria para o matadoiro que reporte os ingresos necesarios para cubrir o déficit, etc).

Considera que xa existen datos para debater este tema e facer un estudo da viabilidade, coincidindo todos os presentes que o que hai facer é abrir o Matadoiro non tendo sentido ter esas instalacións para outra cousa. En definitiva, cré que se trata dunha moción asumible.

Responde o **Sr. Alcalde** que é certo que dita moción é basicamente o que se falou aquí, pero tamén inclúe outras cuestións que custan diñeiro (a concesión, auditoría, facer un análise...), lembrando que o custe da oportunidade tamén existe en economía, polo que hai que analizar se é importante invertir fondos neses temas ou noutras cuestións máis prioritarias. Di que si lle consta a existencia dun par de negocios inquietos coa circunstancia da que se está a debater, o resto resolvía e resolve o problema fóra, estando contentos co servizo que se lles está a prestar, situación que se lle transmitiu por determinados negocios vinculados ao sector, polo que considera que non se trata dunha cuestión prioritaria para o 99,9 € dos veciños estradenses; ante isto e tendo en conta os recursos limitados do noso concello, hai que dicidir onde invertilos e non gastar en cuestións non prioritarias; en definitiva, esta é a percepción que se ten dende o grupo de goberno, pero isto non é impedimento para iniciar non seu momento un proceso de valoración da apertura do Matadoiro, pero como dixó, as empresas do sector non se mostraron interesadas por optar á xestión do mesmo.

Por outra banda, di que a administradora concursal levou case todo o inmovilizado existente nas instalacións, polo que equipar novamente o Matadoiro sería unha inversión moi elevada, non tendo claro os beneficios da mesma para a administración, aínda que considera que o resultado sería negativo.

Finalmente comunica que, aínda que a administradora concursal rematou o proceso de retirada do inmovilizado, non lle comunicou a este Concello a devolución da titularidade do ben, polo que non temos moita capacidade de actuación mentres eso non se produza.

Ante o anterior di que se se quere deixar este asunto enriba da mesa, lle parece perfecto, pero se queren someter a votación a moción, entón o seu grupo votará en contra, o que non significa que pechen a porta de seguer falando, de que se acorde a realización da auditoría respectiva e levar a cabo un estudo conxunto para dar solución ao tema do Matadoiro.

O **Sr. Xosé Magariños** di que non lle queda clara a posición do grupo de goberno, aclarando que en economía o que valen son os números e non as suposicións, e non hai números enriba da mesa que demostren a non rendabilidade da apertura do Matadoiro. Está de acordo en que o Concello non está para perder diñeiro, pero non hai impedimento para poñer o asunto sobre a mesa para valoralo, polo que manterá a Moción para que sexa sometida a votación e, deste xeito, que o grupo de goberno non esqueza que o problema existe e que é importante solucionalo.

Intervén a **Sra. Belén Louzao** solicitando que conste en acta que por acordo plenario adoptado en sesión celebrada no mes de outubro do ano 2015 se aprobou facer unha auditoría das instalacións do Matadoiro, non entendendo porque non se fixo, mantendo o seu voto a favor de que se faga un estudo de rendabilidade da explotación do Matadoiro para valorar a súa viabilidade.

Resposta o **Sr. Alcalde** que quedou suficientemente claro o por qué non se fixo a auditoría, xa que é comprensible que non se ía a facer cando o proceso concursal e de enaxenación dos bens estaba sen rematar e, en caso de que se fixera, o resultado non ía a ser real; reitera que aínda non se ten a comunicación oficial por parte da administradora concursal do remate do proceso e da reinversión do ben no Concello, polo que se lle solicitará á dita administradora para así o Concello poder comezar coa valoración da propiedade e dos bens materiais existentes, mediante a correspondente auditoría.

Non habendo máis intervencións procedese á votación, rexeitándose o asunto polos votos en contra do PP e a favor do PsdeG-PSOE, BNG e MÓVETE

4º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, EDUCACIÓN E IGUALDADE RELATIVO Á DECLARACIÓN INSTITUCIONAL ELABORADA CONXUNTAMENTE POR TODOS OS GRUPOS MUNICIPAIS CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES.

Procédese por parte da Concelleira delegada de Benestar Social, **Dna. Amalia Goldar Cora**, a dar letura da declaración institucional elaborada conxuntamente por todos os grupos políticos municipais con motivo do Día Internacional das Mulleres, ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Benestar Social, Educación e Igualdade de data 22/02/2017:

"Hai xa máis de cen anos que o movemento feminista estendeu o 8 de marzo como unha data internacional e referencial na loita pola igualdade de dereitos das mulleres. Na actualidade esta data simboliza a loita incansábel de moitas mulleres e colectivos de mulleres de todo o mundo na defensa da igualdade, especialmente no ámbito laboral, e que contribuíron a conquistar numerosos avances en materia de dereitos. Porén, contamos con numerosos indicativos que amosan como a igualdade real é un obxectivo aínda lonxe de conquistar.

Organismos e observatorios, tanto internacionais como galegos, alertaron da enorme desigualdade que aínda sufrimos as mulleres no mundo. Deste xeito, podemos observar o que nos indica o último informe, de outubro de 2016, do Foro Económico Mundial, no que se avalían indicadores coma a educación, a saúde, as oportunidades económicas e o apoderamento político. Nel advirtese que a igualdade entre homes e mulleres podería demorar 170 anos, cando no informe anterior se estimaban 118, unha regresión á que, como reconece o propio informe, contribúe o feito de que se freasen de forma drástica os avances na materia.

O informe evidencia a desigualdade vixente e cifra a fenda entre homes e mulleres nun 59% para o 2016, a maior desde 2008. Indica como, a pesar de traballar máis horas de media, as mulleres gañan de media pouco máis da metade do que os homes, e como se estancou a participación das mulleres no mundo laboral: unha media dun 54% de mulleres activas laboralmente fronte a un 81% dos homes. Esta desigualdade pode observarse tamén de forma clara e especialmente simbólica nos postos de responsabilidade que ocupan as mulleres, pois só hai catro países en todo o mundo co mesmo número de homes e mulleres en postos legislativos, por exemplo.

España creceu un 23%, segundo o FMI, no número de persoas en risco de pobreza ou de exclusión social. Son fundamentalmente mulleres e novas. Perdéronse 250 000 postos de traballo femininos. No sector público, a destrución de emprego feminino alcanza o 72%. Por primeira vez en 40 anos está a caer a poboación activa feminina. Tras a reforma laboral perdéronse 183 000 empregos, dos que o 60% son emprego asalariado feminino. A perda de emprego feminino triplica a perda de emprego masculino.

O día 1 de xaneiro de 2017, a pensión media dos homes era de 1 223,73 € ao mes, fronte aos 770 € da pensión media das mulleres. Xunto á expulsión das mulleres do mercado laboral, a precarización das condicións laborais e a temporalidade das mulleres que teñen emprego está o aumento da brecha salarial.

Ademais, debemos ter en conta e non perder de vista o labor que os concellos están realizando respecto da consecución da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Esta experiencia en materia de igualdade facilita a interacción coa cidadanía, a identificación das necesidades do propio concello con respecto á conciliación e, sobre todo, a promoción da participación cidadá.

Para evitar a desigualdade, o desmantelamento das políticas de igualdade, a deterioración do mercado laboral e os sucesivos recortes do estado do benestar, os grupos que forman a Corporación Municipal do Concello da Estrada presentan diante do pleno, para a súa aprobación, a seguinte declaración institucional, na que se insta ó Goberno do Estado a:

1. Apoiar publicamente e chamar á participación das veciñas e veciños nos actos e reivindicacións das organizacións e colectivos feministas locais e comarcais con motivo desta data.
2. Instar ao goberno da Xunta de Galiza a elaborar un estudo sobre o impacto, o grao de cumprimento e a vixencia da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, en colaboración co Parlamento Galego e coa participación dos axentes sociais, sindicais e das organizacións e colectivos feministas, para valorar a necesidade de elaborar unha nova lei.
3. Reforzar a prevención en violencia de xénero e facer especial fincapé en evitar a violencia entre a xente nova.
4. Poñer en marcha, nos xulgados especializados en violencia de xénero, o acompañamento xudicial personalizado para facer accesible ás mulleres vítimas de violencia de xénero a información sobre o itinerario e procedemento máis seguro no seu percorrido xudicial desde o momento no que se pon a denuncia até o final do proceso.
5. Promover unha lei de igualdade salarial entre homes e mulleres que garanta, de forma real e efectiva, tanto a distribución social dos traballos domésticos, como a retribución para o desempeño dun traballo de igual valor, eliminando todos os obstáculos (acceso, formación, promoción, conciliación...) que o dificultan."

O **Sr. Alcalde** agradece a colaboración de todos os grupos políticos da oposición na elaboración deste manifesto.

Intervén a **Sra. Belén Louzao** para dicir que o grupo socialista subscribe as palabras recollidas na anterior declaración e que se une á vontade de todos os grupos que integran a actual corporación co fin de que realmente as cousas cambien e se traballe para acadar a igualdade efectiva entre homes e mulleres, a pesares da dificultade para chegar a este fin, pedindo que se tomen dunha vez por todas as medidas necesarias para chegar a ese pacto que conleve unha igualdade efectiva, deixando xa, ano tras ano, de lamentarnos da situación existente, o que se consegue mediante o cambio das leis e intensificando as axudas públicas e políticas.

Pide a palabra a **Sra. Mar Blanco** para facer unha mención especial ás compañeiras que van a faltar nesta data de 8 de marzo e que foron asasinadas dentro do terrorismo machista e que no que vai deste ano son máis de quince, habendo culpables máis alá dos seus asasinados. Continúa dicindo que o femenicidio é tan só a punta do iceberg, xa que debaixo del agocháanse unha serie de discriminacións machistas para construír mulleres ao seu gusto, polo que é necesario poñer fin a unha serie de problemas como é o micromachismo, o traballo mal remunerado, a precariedade laboral, o acoso sexual, etc, polo que é necesario sumar as nosas forzas en torno a esta declaración institucional e traballar día a día dunha forma eficiente para acadar os dereitos das mulleres.

Invertén o **Sr. Xosé Magariños** manifestando a súa alegría de que as tres forzas políticas municipais chegaran a un acordo na elaboración desta declaración, pero lamenta que, como sempre, todo quede en papel mollado, xa que, a pesares das boas intencións das distintas administracións, queda claro que faia algo, porque estamos a ver que a situación de acoso laboral ás mulleres segue igual día tras día, cando non é que van en aumento, sen obviar que un eurodeputado polaco dixo que os traballadores tiñan que cobrar máis que as traballadoras, o que deixa ben claro que algo está a faiar, indo para atrás en

lugar de avanzar na solución deste tipo de discriminación.

O **Sr. Alcalde** pecha a ronda de declaracións felicitando a todos por chegar a acordos conxuntos naquelas cuestións realmente importantes e de tal calado, polo que agradece o traballo daquelas persoas que fixeron posible un ano máis a elaboración deste Manifesto, coincidindo no desexo de que non quede en tan só unha declaración de intencións como os outros anos, senón que se avance na solución dun problema que preocupa a todos/as e sexa erradicada a violencia machista e a desigualdade de xéneros.

Non habendo máis intervencións procedese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguintes **ACORDO**:

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Benestar Social, Educación e Igualdade en sesión do 22/02/2017.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Aprobar a declaración institucional elaborada conxuntamente por todos os grupos políticos municipais con motivo do Día Internacional das Mulleres e que se transcribe de seguido:

“Hai xa máis de cen anos que o movemento feminista estendeu o 8 de marzo como unha data internacional e referencial na loita pola igualdade de dereitos das mulleres. Na actualidade esta data simboliza a loita incansábel de moitas mulleres e colectivos de mulleres de todo o mundo na defensa da igualdade, especialmente no ámbito laboral, e que contribuíron a conquistar numerosos avances en materia de dereitos. Porén, contamos con numerosos indicativos que amosan como a igualdade real é un obxectivo aínda lonxe de conquistar.

Organismos e observatorios, tanto internacionais como galegos, alertaron da enorme desigualdade que aínda sufrimos as mulleres no mundo. Deste xeito, podemos observar o que nos indica o último informe, de outubro de 2016, do Foro Económico Mundial, no que se avalían indicadores coma a educación, a saúde, as oportunidades económicas e o apoderamento político. Nel advírtese que a igualdade entre homes e mulleres podería demorar 170 anos, cando no informe anterior se estimaban 118, unha regresión á que, como recoñece o propio informe, contribúe o feito de que se freasen de forma drástica os avances na materia.

O informe evidencia a desigualdade vixente e cifra a fenda entre homes e mulleres nun 59% para o 2016, a maior desde 2008. Indica como, a pesar de traballar máis horas de media, as mulleres gañan de media pouco máis da metade do que os homes, e como se estancou a participación das mulleres no mundo laboral: unha media dun 54% de mulleres activas laboralmente fronte a un 81% dos homes. Esta desigualdade pode observarse tamén de forma clara e especialmente simbólica nos postos de responsabilidade que ocupan as mulleres, pois só hai catro países en todo o mundo co mesmo número de homes e mulleres en postos lexislativos, por exemplo.

España creceu un 23%, segundo o FMI, no número de persoas en risco de pobreza ou de exclusión social. Son fundamentalmente mulleres e novas. Perdéronse 250 000 postos de traballo femininos. No sector público, a destrución de emprego feminino alcanza o 72%. Por primeira vez en 40 anos está a caer a poboación activa feminina. Tras a reforma laboral perdéronse 183 000 empregos, dos que o 60% son emprego asalariado feminino. A perda de emprego feminino triplica a perda de emprego masculino.

O día 1 de xaneiro de 2017, a pensión media dos homes era de 1 223,73 € ao mes, fronte aos 770 € da pensión media das mulleres. Xunto á expulsión das mulleres do mercado laboral, a precarización das condicións laborais e a temporalidade das mulleres que teñen emprego está o aumento da brecha salarial.

Ademais, debemos ter en conta e non perder de vista o labor que os concellos están realizando respecto da consecución da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Esta experiencia en materia de igualdade facilita a interacción coa cidadanía, a identificación das necesidades do propio concello con respecto á conciliación e, sobre todo, a promoción da

participación cidadá.

Para evitar a desigualdade, o desmantelamento das políticas de igualdade, a deterioración do mercado laboral e os sucesivos recortes do estado do benestar; os grupos que forman a Corporación Municipal do Concello da Estrada presentan diante do pleno, para a súa aprobación, a seguinte declaración institucional, na que se insta ó Goberno do Estado a:

- 6. Apoiar publicamente e chamar á participación das veciñas e veciños nos actos e reivindicacións das organizacións e colectivos feministas locais e comarcais con motivo desta data.*
- 7. Instar ao goberno da Xunta de Galiza a elaborar un estudo sobre o impacto, o grao de cumprimento e a vixencia da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, en colaboración co Parlamento Galego e coa participación dos axentes sociais, sindicais e das organizacións e colectivos feministas, para valorar a necesidade de elaborar unha nova lei.*
- 8. Reforzar a prevención en violencia de xénero e facer especial fincapé en evitar a violencia entre a xente nova.*
- 9. Poñer en marcha, nos xulgados especializados en violencia de xénero, o acompañamento xudicial personalizado para facer accesible ás mulleres vítimas de violencia de xénero a información sobre o itinerario e procedemento máis seguro no seu percorrido xudicial desde o momento no que se pon a denuncia até o final do proceso.*
- 10. Promover unha lei de igualdade salarial entre homes e mulleres que garanta, de forma real e efectiva, tanto a distribución social dos traballos domésticos, como a retribución para o desempeño dun traballo de igual valor, eliminando todos os obstáculos (acceso, formación, promoción, conciliación...) que o dificultan.”*

Segundo.- Dar traslado deste Acordo á Subdelegación do Goberno.

Terceiro.- Dar traslado deste Acordo ao goberno Xunta de Galicia (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza).

5º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA E DEPORTES RELATIVO Á MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MÓVETE SOBRE A ADQUISICIÓN POR PARTE DO CONCELLO DE SOPORTES DE CULTURA CREADOS POR ARTISTAS LOCAIS.

A voceira de MÓVETE, **Dña. Mar Blanco**, procede a expoñer a a moción presentada con data 09/12/2016 (RE nº 14704), ditaminada na Comisión Informativa de 23/02/2017, e que se transcribe literalmente de seguido:

“Esta moción ten por obxectivo dar un pulo, pequeno pero exemplificativo, para dar a coñecer e poñer en valor aos nosos creadores e creadoras locais, ao mesmo tempo que se igualan as súas oportunidades de recoñecemento coas de moitos artistas foráneos, que si figuran habitualmente nas nosas bibliotecas e centros culturais, e tamén coa ollada posta en democratizar a cultura para que calquera cidadán estradense, independentemente da súa condición social e económica, poida coñecer e acceder a súa cultura presente tanto como a pasada.

Por outra banda, a posta a disposición de creacións de artisitas locais nos centros de ensino do concello, ademais de cumprir cunha finalidade de recoñecemento e propagación da propia cultura, tamén poder ser un referente e un aliciente para os rapaces e rapazas que teñan xa ese pulo creativo ou que mesmo poidan chegar a desenrolalo co estímulo destes creadores e creadoras, ao fin e o cabo, veciños e veciñas deles, e que poden servir como faro e guía, como exemplo de que o esforzo ten a súa recompensa, e as veces esta é tan modesta como en ocasións difícil de acadar, e falamos de recoñecemento veciñal.

Por último, dado que dende Móvete temos a firme convicción de que todos debemo apoiar aos creadores e emprendedores locais, e con máis sentido as institucións locais que nos representan, creemos que é de xustiza e suficientemente motivado poñer en marcha o que propomos nesta moción.

O grupo Municipal de Móvete do Concello da Estrada, presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal o seguinte

ACORDO:

Tomar por norma no Concello da Estrada a adquisición de soportes de cultura (discos, libros, dvd...etc) creados por artistas locais, para poñelos a disposición de todos os cidadáns e alumnos dos centros de ensino localizados no concello, por medio de doazóns ás bibliotecas dos devanditos centros, así como á biblioteca pública, centros culturais e outros lugares de finalidade análoga".

Intervén o Concelleiro delegado de Cultura, **D. Juan M. Constenla Carbón**, reiterando o dito na Comisión Informativa sobre que este Concello apoia á cultura en xeral e, en particular, no que respecta aos nosos/as veciños/as, o que se manifesta na posta a disposición de todos os artistas as salas de exposición e instalacións municipais para expoñer a súa arte, sexa pintura, libros, música, etc., sen esquecer que todas as obras literarias que se presentan no noso concello ou que sexan gañadoras dos premios que se celebran, atopáanse na Casa das Letras. No que respecta ao subministro destas publicacións aos centros de ensino, é necesario ter en consideración a opinión dos seus respectivos docentes sobre se esas obras son óptimas ou non para o alumnado.

Remata dicindo que o seu grupo político votará en contra desta moción por crer que xa o Concello da Estrada exerce de maneira activa un apoio aos artistas, tanto estradenses como foráneos.

A **Sra. Belén Louzao**, voceira do Partido Socialista, cré que na Comisión Informativa se dictaminou a modificación da redacción da moción, polo que pide que se proceda a dar lectura a dito ditame.

O **Sr. Juan M. Constenla** responde que o ditame foi desfavorable, desestimándose á moción, non existindo acordo ningún.

A **Sra. Belén Louzao** reitera que se acordou modificar a proposta facendo referencia a músicos e escritores.

O **Sr. Alcalde** resposta que non consta modificada, xa que na proposta de acordo se di: *Tomar por norma no Concello da Estrada a adquisición de soportes de cultura (discos, libros, dvd...etc) creados por artistas locais, para poñelos a disposición de todos os cidadáns e alumnos dos centros de ensino localizados no concello, por medio de doazóns ás bibliotecas dos devanditos centros, así como á biblioteca pública, centros culturais e outros lugares de finalidade análoga".*

Pide a palabra o **Sr. Xosé Magariños** recordando que na Comisión falárase que o "etc" que consta na proposta da moción había que eliminalo, xa que se debe limitar a discos, libros e dvd, quedando excluídos os restos dos soportes. Di que o seu grupo político mantén o voto a favor da moción por entender que o Concello ten que ser activo a favor da cultura, moito máis no referente a artistas, escritores ou músicos estradenses, non supoñendo un gasto desmesurado para as arcas municipais.

A **Sra. Belén Louzao** manifesta que o seu grupo votara a favor da preceptiva Comisión Informativa porque entenderon que a moción ía a corrixirse e cambiarse, sen embargo e a pesares de non facerse así, van a manter o voto a favor, por entender que se debe de apoiar a cultura como se ven facendo, poñer a disposición dos centros de ensino das publicacións (se así o consideran os seus docentes) e, sobre todo, que o Concello apoie a todos aqueles artistas ou escritores que o soliciten.

Ao anterior, o **Sr. Alcalde** resposta que é un sen sentido votar a favor desta Moción, xa que se daría a entender que non se está a facer o que si se está facendo dende sempre, non só por este goberno, senón por todos os anteriores. Di que sempre se apoio aos artistas ou escritores que o solicitaran, dándolle todas as facilidades posibles. En canto ao tema dos centros de ensino, di que non ten moito encaixe, xa que son eles os que elixen os seus propios fondos bibliográficos; e, no que respecta á Casa das Letras, alí teñen representatividade todos os artistas e escritores. Finalmente, recorda que o apoio á cultura por parte do Concello de A Estrada é algo herdado dende fai máis de 25 anos, dende que se posicionou a prol da cultura e, dende entón, todos

os grupos de goberno loitaron para a promoción cultural. Polo manifestado di que esta moción non aporta nada novo e, conseguintemente, o seu grupo votará en contra dela.

A **Sra. Mar Blanco** intervén novamente para recoñecer que quizáis o Concello fai moito pola cultura de cara ao máis alá, pero, ao mellor, olvidase de facer cousas máis acá e que significaría un maior apoio. Di que existen algúns escritores estradenses que publican obras e o Concello non os adquire para poñelos a disposición de maneira gratuita na Casa das Letras, non tendo o artista que doar un exemplar, considerando que sería unha forma de poñer en valor ao dito artista mediante a merca por parte do Concello dun lote da súa obra para poñer a disposición dos veciños e dos centros de ensino, aclarando que está a falar de libros, poñe por exemplo o poemario de Andrea Porto (gañadora do Premio Avelina Valladares) e que os centros educativos non o teñen.

Resposta o **Sr. Alcalde** que, no caso dos premios celebrados polo Concello da Estrada, sempre se publican varios exemplares para aqueles que o soliciten. Por outra banda, calquer escritor ou artista estradense que queira promocionar a súa obra non ten máis que achegarse ao departamento de Cultura e pedir axuda e alí se estudará a posibilidade da merca de exemplares da súa obra ou outras formas de apoio, pero hai que ter coidado con estes temas, xa que pode orixinarse unha situación inxusta con respecto a outros autores que tamén queren que se lles merque as súas obras, polo que considera que se debe de poñer un pouco de sentido común neste tema e non crear a obriga de que o Concello teña que mercar un lote de libros a todos os escritores locais. Por outra banda, tramiste que todos aqueles centros educativos o sociais que viñeron pedindo material para as súas bibliotecas recibiron unha boa resposta e axuda na medida do posible. Tamén lembra que, no que respecta aos premios organizados dentro do Concello, non só se adquiren exemplares do gañador, senón que se procede á súa impresión e publicación, estando a disposición dos interesados que queiran adquirilo.

Polo anterior non se pode dicir que o Concello da Estrada non apoia á cultura, polo que non pode votar a favor da moción presentada por MÓVETE.

Non habendo máis intervencións procedese á votación, rexeitándose o asunto polos votos en contra do PP e a favor do PsdeG-PSOE, BNG e MÓVETE.

6º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA E DEPORTES RELATIVO Á MOCIÓN DO BNG SOBRE A POSTA EN FUNCIONAMENTO E APERTURA DO MUSEO MANUEL REIMÓNDEZ PORTELA.

O voceiro de BNG, **D. Xosé Magariños**, procede a expoñer a a moción presentada con data 16/02/2017 (RE nº 2475), ditaminada na Comisión Informativa de Cultura e Deportes de 23/02/2017, e que se transcribe de seguido:

"A definición que tradicionalmente se lle outorga aos museos é a de aqueles lugares cuxa finalidade é a de conservar, investigar e expoñer os obxectos ou documentos representativos dunha sociedade concreta. Sen embargo na actualidade, dita finalidade non se reduce simplemente a expoñer obxectos de xeito incoherente, senón a convertilos nunha ferramenta para a formación e o coñecemento dos seus visitantes. Os museos son, polo tanto, os representantes físicos da nosa cultura e do noso patrimonio, aqueles lugares no que nos reflexamos como sociedade e como pobo, axudándonos a coñecer o noso pasado e os nosos costumes, e creando, deste xeito, un sentimento de pertenza que nos leva a asumir a nosa propia identidade.

É por eso que nunha sociedade avanzada, os edificios museísticos son indispensables no entramado de calquera vila, mais, e tal e como di o propio Consello Internacional de Museos da UNESCO, para que as súas funcións se cumplan, debe ser accesible ao público.

No caso do Museo Reimóndez Portela, esta última premisa non se cumpre. Hai xa anos que o museo non está aberto ao público e cun horario estable para que todos os estradenses e quen os queiran ver poidan acceder a el coa liberdade de poder visitalo sen estar suxeitos á traba que supón ter que realizar unha chamada telefónica para que se lle abran as portas do que é chamado Museo do Pobo Estradense.

O bo funcionamento dun museo non se pode reducir a unhas obras de mellora. É algo obviamente preciso, mais insuficiente. Xa que o obxectivo é o disfrute do público, queda claro que un museo pechado convírtese nun museo inútil pola súa propia natureza. Non debemos permitir que o edificio que salvagarda a nosa cultura, o noso patrimonio e a nosa memoria, fique como un edificio de mínimos, co único obxectivo de permitir que o goberno local xustifique a súa falta de interese no noso desenvolvemento cultural, excusándose en que temos un museo, aínda que o consideren de facto como unha carcasa baleira de contidos.

É por iso que propoñemos os seguintes.

ACORDOS

1°. A contratación permanente dunha persoa coa titulación axeitada, deixando de depender de subvencións e becas.

2°. A apertura ao público, cun horario de visitas establece, fixando días concretos de xornadas de portas abertas.

3°. Creación dunha asociación de amigos do museo."

Continúa dicindo que todos sabemos que no día de hoxe este Museo está pechado e, ao igual co Matadoiro e como o grupo de goberno está a favor dos presupostos participativos e non tendo o apoio do 99,9% dos veciños, entón supón que non considerará viable a súa apertura; sen embargo, considera necesario a súa apertura e a adopción dos acordos detallados na súa moción, sendo consciente de que non ten que ser de maneira inmediata, pero si traballar para que a dous anos vista se contraten persoas que se encarguen do Museo e, mentres, traballadar con persoas doutras administracións e, unha vez se conte con esas persoas, se abra de forma estable o Museo cun horario que permita o seu maior uso. Por último, en canto á creación dunha Asociación de Amigos do Museo, na Comisión Informativa se comentaba da existencia dunha asociación, pero falando con varios veciños, todos descoñecían de que esta exista, polo que adivina que non funciona.

Intervén o Concelleiro delegado de Cultura, **D. Juan Constenla**, para dicir que dita Asociación si existe, de feito na Comisión enseñoulle os Estatutos da mesma, a cal está en funcionamento, só que as súas reunións non son públicas. En canto á contratación de persoa non é viable nestes momentos por causa da lexislación en vigor que non o permite, pero co tempo se contratará. No que se refire á apertura do Museo, di que existe unha vontade xeral de abrillo canto antes, de feito no Orzamento municipal para 2017 xa está contemplada unha partida orzamentaria para o arranxo da cuberta do seu edificio e, unha vez feita a reparación e contando co apoio das demais administracións (co envío de becarios o persoal en prácticas), se poderá abrir ao público. A pesares do anterior, di que todos aqueles investigadores que o soliciten, se lles facilitará o acceso ao Museo previa solicitude ao Xerente do Museo Reimóndez Portela.

A voceira do partido socialista, **Dna. Belén Louzao**, traslada o seu apoio ao espírito da moción presentada polo BNG, xa que non pode ser que se teña un Museo que conta co patrimonio de todos e siga pechado, porque, ano tras ano, xurden excusas que motivan o seu peche, polo que pide que se solucione este problema dunha vez por todas e que se busquen solucións definitivas, polo que van a apoiar a moción.

Dna. Mar Blanco, voceira de MÓVETE, transmite o seu apoio á moción do BNG, considerando importante que ademais se garanta as xornadas de visitas a porta aberta mentras non se proceda á súa apertura permanente, insistindo que se facilite un número de teléfono de contacto na páxina web do Concello para aquelas persoas que queiran solicitar esas visitas ou ben para os investigadores que queiran acudir ao Museo.

O **Sr. Alcalde** declara que coincide co fondo da Moción do BNG pero, posiblemente, se escapan detalles de forma. En primeiro lugar quere que conste en acta o recoñecemento á labor que está a facer o director do Museo Reimóndez Portela, Juan Andrés Fernández Castro, pouco coñecida pero realmente efectiva.

No que se refire a que este Concello non mira polo Museo, declara que se trata dunha afirmación errónea, xa que o ano pasado destinouse un becario para que ordenase o patrimonio etnográfico e cultural existente no seu edificio baixo as directrices do Sr. Fernández Castro, en calidade de representante do Padroado do Museo Reimóndez Portela, e, o resultado dese ano foi un bo traballo, de maneira que agora está exposto e non almacenado. Por outra banda, no seu día, en coordinación co nomeado Padroado, se fixo unha auditoría sobre o estado do Museo así como do seu inventario, resultado que a día de hoxe se presuposte a cantidade aproximada de 135.000 euros para dar o primeiro paso de cara ao arranxo das instalacións do Museo e así emprender o segundo paso que sería a reapertura do mesmo. Con respecto ao anterior, o grupo de goberno tivo reunións co Conselleiro de Cultura para ver se hai posibilidade que nos aporten algúns fondos, intentando facer tamén algunha xestión coa Deputación e, dende logo, o Concello tamén terá que aportar o seu grao de area para que esta obra se poda executar neste ano 2017 e, a partires de aí, poñer en marcha o Museo Reimóndez Portela.

O Sr. Alcalde tamén recorda que a día de hoxe, coas restriccións económicas e legislativas que sofre o Concello, é imposible contratar a unha persoa para o Museo, polo que haberá que buscar outras fórmulas no seu momento.

Para rematar quere recoñecer a labor do Director do Museo e da colaboración e traballo silencioso do Padroado durante todo estos, merecendo todo o noso respecto e colaboración.

Pide a palabra o voceiro do BNG, **Sr. Xosé Magariños**, para aclarar dúas cuestións, en primeiro lugar di que a voluntariedade non é suficiente, aínda que é importante, aconsellando ao grupo de goberno que deben de tirarlle das orellas aos seus compañeiros de Madrid, xa que descoñecen cal é o funcionamento dos Concellos e non ven a realidade do día a día destes; en segundo lugar, se xa estaba preocupado pola situación do patrimonio que custodia o Museo, agora preocupalle unha frase que dixo o Conselleiro de Cultura sobre que lle parecía que existía unha partida presupostaria destinada ao arranxo do Museo, menos mal que o corrixiu o Alcalde ao dicir que existe tal partida, polo que pide ao Sr. Alcalde que deixe participar aos seus nas decisións

Non habendo máis intervencións procedese á votación, rexeitándose o asunto polos votos en contra do PP e a favor do PsdeG-PSOE, BNG e MÓVETE.

7°.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 5 E O 30 DE DECEMBRO DE 2016 (AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS). Dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre o 5 e o 30 de decembro 2016 (ambos os dous incluídos), e que van dende o n° 1173/2016 ao n° 1342/2016 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

8°.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 2 E O 31 DE XANEIRO DE 2017 (AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS). Dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre o 2 e o 31 de xaneiro de 2017 (ambos os dous incluídos), e que van dende o n° 1/2017 ao n° 92/2017 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

Antes de pasar ao punto de rogos e preguntas, o **Sr. Alcalde** comunica aos asistentes da necesidade de someter fóra da Orde do Día a dación de conta da información que se subministra ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a través da oficina virtual de coordinación financeira coas entidades locais (OVEELL), en concreto: a Comunicación de Rendición da información en tempo e forma na OVEELL do 4° trimestre de 2016 do PMP, morosidade e execución

trimestral do Orzamento; o informe de avaliación de cumprimento dos obxectivos que contempla a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, con motivo da rendición de execución do cuarto trimestre do Orzamento 2016; e do informe de morosidade, así como do período medio de pagamento (PMP) do 4º trimestre do ano 2016.

Aclara que antes no se facía este tipo de dación de conta, sen embargo, por parte da Intervención municipal se entende que debería facerse trimestralmente, polo tanto, a partires de agora, se dará conta ao Pleno desta documentación relativa á contabilidade municipal para coñecemento xeral.

A Sra. **Belén Louzao** pide a palabra para solicitar que de agora en adiante, antes de dar conta ao Pleno, lles sexa facilitados esos datos para o seu estudo e coñecemento, pedindo que no caso desta sesión plenaria, por haber sido introducido o asunto fóra da Orde do Día e por urxencia, entón lles sexa facilitada a documentación.

Estando de acordo o **Sr. Alcalde** co dito pola Sra. Louzao, garantindo que lles será facilitada dita documentación, somete a urxencia do asunto a votación, sendo aprobada por unanimidade.

A) DACIÓN DE CONTA DA INFORMACIÓN QUE SE SUBMINISTRA AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS A TRAVÉS DA OFICINA VIRTUAL DE COORDINACIÓN FINANCEIRA COAS ENTIDADES LOCAIS (OVEELL). Dáse conta ao Pleno da corporación da proposta presentada polo Concelleiro delegado de Facenda de data 01/03/2017, en relación co asunto que se detalla de seguido.

Visto o contemplado na Orde HAP/2015/2012 que desenvolve a obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

Visto que se considera necesario dende a Intervención municipal, en aras a unha maior transparencia, dar conta ao Pleno da Corporación da información que se subministra ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a través da Oficina Virtual de Coordinación Financeira coas Entidades Locais (OVEELL).

Visto que o persoal do departamento municipal de Intervención atópase nestes momentos, por motivos como o desfrute de vacacións, baixa laboral e renuncia á praza de funcionario interino, supoñendo unha redistribución e acumulación de tarefas entre o persoal restante cas consecuencias negativas e rtrasas que esto supón no devandito departamento, xustificándose por tales motivos a urxencia para que este asunto sexa levado fóra da Orde do Día desta sesión, xa que non foi posible ter toda a documentación preparada en tempo e forma para a súa inclusión dentro do Orde do Día.

Dáse conta ao Pleno da Corporación os seguintes Asuntos:

1. Comunicación de Rendición da información en tempo e forma na OVEELL do 4º trimestre de 2016 do PMP, morosidade e execución trimestral do Orzamento.
2. Informe de avaliación de cumprimento dos obxectivos que contempla a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, con motivo da rendición de execución do cuarto trimestre do Orzamento 2016.
3. Do informe de morosidade, así como do período medio de pagamento (PMP) do 4º trimestre do ano 2016.

9º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Inicia o turno de rogos e pregunta a voceira do Partido Socialista, **Dna. Belén Louzao**, trasladando, en primeiro lugar, as queixas de varios veciños de Peneda, afectados polas obras de acometida de auga, sobre que as empresas concesionarias das ditas obras deixaron en mal estado os viais, preguntando que se pensa facer ao respecto e se existen informes ao respecto.

Resposta o **Sr. Alcalde** que debería de haber un plan de pavimentación despois da realización das obras de abastecemento de auga nesa zona, sen embargo tan só se preveu a reposición de gabiá que se abría para repoñer a tubería, polo que agora o que se ten que facer en incluír estes viais no presuposto de asfaltado previsto para o este ano, pero non so en Penerada, senón tamén noutras zonas afectadas como é a Avenida de Vigo, debendo tamén instar a fomento para que faga algunhas reposicións como é o caso dos entronques coa Avda de Santiago e Rúa Padrón. Quere deixar constancia de que estes deterioros non son responsabilidade da empresa adxudicataria da obra, xa que esta limitouse a executar o proxecto.

A **Sra. Belén Louzao** pide que se elabore un informe sobre o estado dos viais por causa das ditas obras para ver se o deterioro é causa das obras o non, en todo caso dar resposta e solución aos veciños e que se arranxen.

Continuando no seu turno, a Sra. Louzao traslado un rogo dos veciños de San Xurxo de Veá, para que se repoñan os espellos que existían e que desaparecieron nalgúns enlaces das aldeas desa parroquia, concretamente en Souto de Veá. Así tamén que se solucione o problema existente no paso elevado diante da farmacia, onde existe un burato no seu acceso.

Contesta o **Sr. Alcalde** que xa é coñecedor deses problemas a través de escritos remitidos pola Alcaldesa de Barrio de San Xurxo de Veá, e informa que se está a traballar para acometer esas actuacións e que os espellos chegaron hoxe para a súa reposición.

Continuando, a **Sra. Louzao** pide que se repoña varios puntos de luz en Aldea Grande - Callobre, en concreto á altura da vivenda nº 7, porque parece ser que os veciños chamaron ao Concello para comunicar estas avarías, sen que se solucionaran os seus problemas.

Pregunta sobre a situación en que se atopa o proceso de reparación da cúpula do Concello.

Tamén pide que en Riobó, no vial que baixa á piscifactoría, se retire a cinta colocada por Protección Civil e que a corta, cré que foi por motivos do temporal, sempre e cando xa non haia perigo, en caso contrario que se solucione o problema e sexa aberta de novo.

Recorda que fai tempo solicitouse que se sinalizara a prioridade dos peóns no acceso ao aparcadoiro da Casas das Letras, recibindo como contestación que se faría canto antes, sen embargo a día de hoxe non se tomou medida algunha ao respecto. Tamén se tratou en varias sesións plenarias o tema do arranxo do firme do nomeado aparcadoiro e tamén segue igual, aínda que é consciente de que esos terreos non son propiedade municipal, pero debería de facerse o mantemento, aínda que sexa por responsabilidade patrimonial, sobre todo as plaquetas da beirarrúa no punto de acceso á zona de aparcamento.

Noutro orde de cousas, recorda outro acordo plenario adoptado fai un ano (febreiro de 2016), relativo a un plan para a mellora da recollida de lixo e erradicación dos vertedoiros incontrolados, sen embargo, a pesares de que algúns destes puntos de verquido foron eliminados, outros aínda existen, polo que non se executaron as medidas adoptadas no correspondente acordo, tales como a colaboración coas asociacións do rural para identificar os puntos deses vertedoiros. Di que, tendo en conta que a Xunta de Galicia está a facer modificacións legislativas e, incluso, endurecer as sancións por depositar lixo no rural, considera que é necesario facer unha limpeza no noso rural e retirar os puntos de vertedoiros incontrolados (por exemplo, un existente en Sabucedo que se ve dende a estrada); tamén que se sinalice a prohibición de facer verquidos naqueles puntos onde xa existían e foron limpados, pedindo que se busquen liñas de colaboración coa Xunta de Galicia para erradicar este problema.

Pregunta o que pasou con aquela declaración do Sr. Alcalde sobre que se ían a mercar 150 contedores de lixo de 2.200 litros e dous camións, porque despois dun ano se segue sen ter contedores nin camións, polo que non entende cando se vai a levar a cabo ditas adquisicións, sobre todo cando se dicía que eran con cargo a fondos do 2016, preguntando cando se vai a pñer en marcha o plan de recollida de lixo.

Ao preguntado pola Sra. Louzao o **Sr. Alcalde** responde que, no referente á

cúpula da Casa do Concello, esta semana o Técnico municipal púxose en comunicación con Patrimonio ao obxecto de levar a memoria de actuación cun custo final de licitación de case 40.000,00 €, onde se recolle o arranxo da cúpula, a reparación do reloxo e a reposición do pararraios, esperando que Patrimonio resolva o máis pronto posible para poder iniciar os correspondentes expedientes de contratación e posterior execución dos ditos traballos.

Con respecto aos puntos de luz en Aldea Grande - Callobre, recorda que por causa do pasado temporal recibíronse máis de 300 comunicacións de incidencias, polo que agradece o traballo dos funcionarios responsables, porque a día de hoxe tan so lle chega esta queixa, aínda que houbo que contratar unha empresa que servira de apoio aos traballadores municipais para levar a cabo todas as reparacións dos incidentes producidos polo devastador temporal que ocorreu.

No que se refire á pista que baixa á piscifactoria sita en Riobó, recorda que se trata dun camiño sito entre dous noiros e, con motivo tamén do temporal, se produxo derrubes a ambos lados do camiño, considerando os técnicos que debía pecharse polo perigo que supón. Na actualidade se está a valorar o problema co fin de proceder á apertura do camiño ou ben proceder a executar obras de maior calado.

Respostando á pregunta sobre o aparcadoiro da Casa das Letras, di que o seu estado é lamentable, habendo solicitado ao Concelleiro para que, cando cese a choiva, proceda de maneira inmediata á súa reparación, pero non só dese, senón tamén dos demais aparcadoiros, e, dentro destas actuacións, se inclúe a reposición das baldosas na entrada ao aparcadoiro e outras actuacións que melloren o tránsito de vehículos e peóns.

No tema dos vertedoiros incontrolados, di que se segue traballando para a súa erradicación e poñer raciocínio na xente para que non continúe facendo este tipo de actuación, xa que, a pesares de ter todos os medios para non facelo (Punto Limpo, servizo de recollida a domicilio previo aviso, etc.), insiste en elo de maneira incompresinble.

Interrompe a **Sra. Belén Louzao** para dicir que recorda que na sesión plenaria onde se tratou o tempo dos vertedoiros incontrolados, tamén se se acordou poñer nos taboleiros de anuncios de todas as parroquias os números de teléfonos a onde teñen que dirixirse os interesados para que lles veñan a recoller o seus residuos con destino ao Punto Limpo, algo que non se fixo.

O **Sr. Alcalde** responde que trasladará que se proceda a facilitar esa información ás distintas parroquias do municipio, aínda que considera que esos números de teléfonos xa están accesibles a todos aqueles que o necesite, sen embargo, se procederá a executar o acordado no Pleno.

Intervén o concelleiro do PsdeG-PSOE, **Sr. Rendo Araujo**, para insistir no tema da pista de Riobó, xa que, a pesares de estar cortada cunha cita de Protección Civil, a xente sigue pasando cos seus vehículos, polo que roga que se tome outro tipo de medida para evitar posibles problemas ou accidentes mentres non se proceda ao arranxo da mesma.

O **Sr. Alcalde** resposta que no arranxo da pista inflúe en que se trata dun tema estrutural, non tendo o Concello os medios necesarios para facela, polo que habería que contratar a unha empresa para elo, tendo que verse antes cal é administración competente para a contratación (Deputación Provincial ou o Concello); sen embargo promete que se van a tomar as medidas pertinentes para solucionar o tema da seguridade mentres non se efectúen as obras de arranxo.

Inicia o seu turno a concelleira de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco**, quen, en primeiro lugar, recorda que nunha sesión plenaria anterior acordárase facer un monumento homenaxe á muller, propoñen agora que se tramite mediante concurso público e previa invitación a artistas, involucrando á comunidade educativa para a elaboración dun anteproxecto deste monumento, ao mesmo tempo que se habilite un sistema de votación na páxina web do Concello para que sexan os veciños/as estradenses os que elixan a proposta que máis lles guste.

Outro rogo que traslada é, a petición dos veciños, que se mellore o firme da pista do lugar de O Castro, parroquia de Ouzande, así como a corrección da cuneta sita no cruce do camiño de Penerada co lugar de O Castro, xa que actualmente conta

cun pronunciado desnivel.

Tamén pide o arranxo do aparcadoiro da Casa das Letras, pero xa se tratou anteriormente, sen embargo prega que se acondicionen os solares sitos no remate da rúa Fermín Bouza Brei utilizados para aparcas polos pais e nais que levan aos seus nenos ao colexio, aínda que é sabedora de que son solares son privados pero quizais o Concello pode falar cos propietarios para que lles deixe acondicionar ditos terreos.

A Sra. Blanco traslada a necesidade de actualización a Ordenanza municipal que regula o prezo público da Escola Infantil, xa que o cálculo para saber se os usuarios teñen dereito a bonificación é en base ao salario mínimo interprofesional, sen embargo na actualidade faise en base ao IPREM aprobado por Decreto da Xunta de Galicia, polo que debería corrixirse e reflexar este aspecto.

O **Alcalde** comunícalle que na sesión da Xunta de Goberno Local celebrada o pasado lúns aprobáronse as modificacións das Taxas da Escola Infantil en cumprimento do Decreto da Xunta de Galicia sobre a imposición do IPREM, agora se procederá a modificar a correspondente Ordenanza e posteriormente se procederá á súa aprobación nunha sesión plenaria.

Continúa no seu turno a **Sra. Mar Blanco** preguntando o por qué, habendo espazos públicos de titularidade municipal acondicionados e dispoñibles para acoller as actividades do Entroido, o Concello organizou os eventos nun restaurante privado, ademais lle gustaría saber o custe que supuxo para as arcas municipais.

Resposta o **Sr. Alcalde** que lle contestará por escrito. No tema do monumento á Muller, di que toma nota e que se estudará as opcións para dar cumprimento a ese acordo plenario.

Toma a palabra o Concelleiro do BNG, **D. Xosé Magariños**, lembrando que, no referente ao tema dos verquidos controlados, habíase acordado polo Pleno facer unha campaña de comunicación (tanto por escrito como na radio) sobre os horarios e datas de recollida de voluminosos así como as multas polos verquidos ilegais e que non se fixo, polo que prega que se faga.

Outro rogo que plantexa é que se regule a altura á que se coloca a publicidade nas farolas, xa que recibiu queixa dun veciño que levou un golpe ao tropezarse cun cartel colocado nunca farola; ao mesmo tempo que se regule o lugar onde se coloca a publicidade, porque algúns están sitos en lugares que dificultan a visibilidade aos condutores de vehículos.

Tamén insiste que se arranxe o socavón existente no paso de peóns en Souto de Veá.

Prega que se pinte o pasó de peóns da Avda de América, xa que fai tempo que se remataron as obras e segue sen pintar.

Así mesmo, prega, xa que agora xa hai brigadas municipais, que se limpen todas as rúas e non só a principal, a rúa Gradín entre outras.

Para rematar a súa intervención di que xa que non hai solución ao tema dos aparcadoiros públicos, vai aportar unha consistente en que se habiliten unhas barcas para poder cruzar os charcos que existen neles, tanto para os vehículos como para os peóns, porque risco de morrer afogados existe, en definitiva, cré que se debe buscar unha solución pronta e definitiva.

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros e do público asistente, levántase a sesión ás vinte e dúas horas dezoito minutos.

A Estrada, 2 de marzo de 2017
A SECRETARIA,

Asdo.: Lucía Artime Alonso